

INSTITUCIÓNS COMPLEMENTARIAS NO CONTEXTO DA ESCOLA PRIMARIA: As Colonias Escolares da Universidade de Santiago de Compostela (1923-25)

Anxo Serafín Porto Ucha

"O ideal sería a escola
ó aire libre".
(COSSÍO)

No ano 1876, o pastor protestante Walter Bion, con 68 nenos e nenas da cidade de Zurich, trasladouse as montañas do cantón de Appenzell, onde pasaron algunhas semanas respirando aire puro e cun alimento sinxelo e sólido. O éxito acadado nesta experiencia levou ás restantes cidades de Suiza a segui-lo exemplo do pastor Bion. Nacían, así, as Colonias Escolares en Europa. En Alemania, o seu comezo data de 1878, en que o Dr. Varrentrapp organizou as primeiras Colonias en Francfort. Viena, en 1880, e despois Lemberg, Praga, Trieste e Graz, organizaron as Colonias, seguíndolles San Petersburgo e Milán, en 1883. Logo Holanda, Suecia, Noruega, Bélxica e Francia. Incluso chegarían máis alá do Atlántico, ata os EE.UU. de América. A institución conquei tal importancia que xa en 1885 celebrouse en Brema un Congreso no que tomaron parte representantes de 78 cidades alemáns. En 1888 o propio Bion presidiu outro Congreso –agora Internacional– sobre Colonias Escolares en Zurich. Na Memoria presentada expúñanse as razóns que reforzaban a importancia da súa implantación en tódolos países.

PRIMEIRAS EXPERIENCIAS EN ESPAÑA

En 1882 tivo lugar en Madrid o Primeiro Congreso Nacional Pedagóxico. O labor innovador da Institución Libre de Enseñanza (ILE), que levaba a cabo un intento de renovación europeizante, plasmouse na creación do Museo Pedagóxico, primeiro co nome de Museo de Instrucción Pública (1882) e despois Museo Pedagóxico Nacional (a partir de 1884). O primeiro director do Museo foi D. Manuel B. Cossío. Entre os obxectivos do Museo, contribuír ó estudio dos problemas modernos da pedagogía, dar a coñece-lo movemento pedagóxico do estranxeiro en España e axudar á formación dos mestres.

Cossío decidiu realiza-la primeira Colonia Escolar do Museo Pedagóxico en San

Vicente de la Barquera (Santander), en 1887. O exemplo desta primeira experiencia foi seguido por outras cidades. En 1894, a Corporación de Antigos Alumnos da ILE decidiu tamén organizar Colonias de vacacións. A primeira foi a Miraflores de la Sierra, mais logo optouse igualmente por San Vicente de la Barquera, a partir de 1895. Isto non era casualidade. A elección do lugar estaba moi relacionado coa xente da Institución Libre: falar de San Vicente era evoca-los nomes de Giner, de Concepción Arenal, de González Linares, Sama, Flórez, Torres Campos... (ESPADA, 1918, p. 157). Dende 1910 as Colonias do Museo Pedagóxico trasladáronse ó Mosteiro de San Antolín de Bedón, en Asturias, dirixidas por Angel do Rego, fillo de galegos de Viveiro, e a súa dona Elvira Alonso Moreno, moi vinculados á ILE.

INDICE LEXISLATIVO SOBRE COLONIAS ESCOLARES

— Real Orde de 26 de xullo de 1892 (Gaceta do 27/7). O Ministro de Fomento, Linares Rivas, pon de manifesto o dano causado polo predominio da educación intelectual; o pobre e imperfecto desenvolvemento físico nos nenos. As Colonias Escolares —diñen a remediar mal tan grave. A R.O. fai un chamamento as Dignidades Eclesiásticas, Autoridades, Corporacións provinciais e municipais, Asociacións benéficas e protectoras dos nenos, Sociedades de Amigos do País, etc., para que axuden no fomento das Colonias.

— Circular do 15 de febreiro de 1894 (Gaceta do 19/2). Dirixida polo Director Xeral de Instrucción Pública, o galego Eduardo Vincenti, ós Rectores das Universidades e Inspectores xerais do ensino, ocupa un amplo espacio tipográfico (algo máis de catro páxinas). Vincenti fai unha chamada de atención sobre os exercicios militares observados ó revisar varias Colonias. Móstrase partidario das Colonias mixtas e recomenda busca-los sitios de clima doce. Como bo galego, inclínase, por unha serie de zonas, tales como Pontevedra, Marín, Vilagarcía, Vilaxoán e Vigo.

— Real Decreto de 19 de maio de 1911 (Gaceta do 20/5). Alfonso XIII, coas razóns expostas polo Ministro de I.P., Amalio Gimeno, encarga á Dirección Xeral de Primeira Ensinanza a organización das Colonias Escolares.

— Real Orde de 9 de xullo de 1920 (Gaceta do 11/7). Dirixida polo Ministro de I.P. e Belas Artes, Sr. Espada, ó Director Xeral de Primeira Ensinanza. Laméntase de que as disposicións anteriores facían esperar un notable incremento das Colonias e dos seus resultados, cousa que non sucedera. Entre as causas do fracaso, cita o escaso presupuesto, pero tamén o incumprimento da remisión de datos para a ampliación e modificación que a realidade demandaba. No prazo de dous meses desde o regreso da Colonia, deberá remitirse o estado de contas, comprobantes, datos detallados dos resultados obtidos e un resumo no que consten en cifras, alteracións de peso, estatura e desenrolo torácico dos nenos.

— Decreto de 27 de abril de 1935 (Gaceta do 30/4). O Presidente da República Alcalá Zamora, e no seu nome o Ministro de I.P. e Belas Artes, Ramón Prieto Bances, sinalan a atención do Ministerio ós servicios complementarios da Escola, tales como Colonias, cantinas e roupeiros. Recorda o incremento dos presupostos: 450.000 pesetas no último goberno da Monarquía, en 1931; 2.700.000 pesetas en 1934. Por este Decreto créase unha Comisión Central de Colonias, cantinas e roupeiros escolares, presidida polo Direc-

tor Xeral de Primeira Ensinanza, co encargo de distribuí-las cantidades e propoñe-las normas de regulamento.

COLONIAS ESCOLARES EN GALICIA

A situación lamentable na que se achaba o ensino primario en Galicia e a aparición da Real Orde do 26 de xullo de 1892 sobre Colonias Escolares levou á Sociedade Económica de Amigos do País de Santiago a organiza-la Primeira Colonia Escolar Compostelana ó ano seguinte. Os nenos das escolas públicas dos Laureis, de Santo Domingo, do Sar e da Anexa de Normal, así como os da do Pombal, subvencionada pola Sociedade Económica, e algúns outros de propia institución, foron os favorecidos. Entre os raparigos da Sociedade Económica figuraba José Pasín Romero, de 13 anos, fillo de zapateiro, que chegaría a ser líder nato do obreirismo santiagués (BOROBÓ, 1987). O Director da Económica, Ramiro Rueda Neira, concebiu a idea de que os rapaces foran ensaiados no exercicio militar, utilizando uns fusís simulados propiedade do Ximnasio da Sociedade. Durante 30 días, o alférez da reserva gratuíta Aciselo González Alcázar instruíu ós nenos nestes exercicios. Como complemento, o Director das escolas de música da Sociedade Económica, Enrique Lens Viera, ensaiou cantos de carácter relixioso e rexional. Ámbolos dous acompañaron á Colonia.

Na Comisión organizadora estaban, entre outros, o Rector da Universidade, Maximino Teijeiro, o Director da Normal de Santiago, Gorgonio Hueso, o profesor da Normal Luis López Elizagaray, o mestre da escola de Párvulos Juan Yangüela e o catedrático de Historia Natural do Instituto da cidade Félix Gila. Os tres últimos dirixiron a expedición e redactaron a Memoria (SOCIEDAD ECONOMICA DE AMIGOS DEL PAIS DE SANTIAGO, 1894).

Elixíuse un sito preto do mar. Estiveron uns días en Vilagarcía, no Colexio de San Agustín. Fixeron excursións a Carril, Cambados, Serantellos, A Póboa e á illa de Cortegada. O resto do mes de agosto pasárono no Colexio Santiago Apóstolo, da Compañía de Xesús, en Camposancos (A Guarda, Pontevedra). A ida, ó seu paso por Pontevedra, visitaron a Eugenio Montero Ríos e ós seus xenros Eduardo Vincenti Reguera e Manuel García Prieto, na Quinta de Lourizán. Alí fixeron demostración dos exercicios e cantos ensaiados. Aquela infantil demostración castrense non sentou nada ben no espírito liberal e institucionista de Vincenti que ó ano seguinte, sendo Director Xeral de Instrucción Pública, manifestouse en contra deste carácter militarista, na citada Circular sobre Colonias Escolares. O problema estaba relacionado coa aparición da educación física nos programas escolares en Europa. As experiencias de Jahn e Eiselen en Alemania; as francesas de Amorós e Clás e a Sueca de Ling, xunto á revalorización educativa dos xogos en Gran Bretaña, debida, en gran parte, á obra de Thomas Arnold dende 1828 (MARTINEZ NAVARRO, 1983, p. 154), sentaran as bases de dúas das tendencias imperantes: a alemana, que puña o acento nas prácticas militares, valéndose dos chamados “batallóns escolares”, e a británica, centrada nos deportes. Vincenti, seguidor da ILE, inclínase pola segunda.

Pouco a pouco, as Colonias Escolares foron extendéndose por Galicia. Gracias a elas, os nenos tiñan oportunidade de fuxir, anque fora por uns días, de locais escolares sen espacio físico, sen hixiene, con humidade, carentes de iluminación e ventilación en moitas ocasións. Esta era a escola de finais do século pasado e boa parte do actual Como elementos negativos das Colonias, percíbese un certo paternalismo e unha certa inxenuidade na cren-

COLONIAS ESCOLARES DE GALICIA (1893-1932)

Año	A Coruña	Lugo	Ourense	Pontevedra
1893	Primeira Colonia Escolar Compostelana (Camposancos, A Garda).			
(1902 -)	Colonia Escolar de Vacacións de A Coruña (A Lagoa, Sada).		Colonias Escolares de Vigo (O Carballiño).	Colonias Escolares de Vigo (A Estrada).
(1904 -)				
(1905 -)				
(1909 -)	Colonia Escolar "Reina Victoria" (A Cabana, Ferrol).			
(1912 -)		Colonia Escolares de Lugo (Foz, Barreiros e Benquerencia).		Colonia Escolar da Asociación de Mestres de Pontearreas.
(1915 -)	Colonias Escolares do Sanatorio Marítimo Nacional de Oza dos Rios.			Colonia Escolar do Sanatorio Marítimo de A Lanzada.
1922				Colonias Escolares de Pontevedra en Lalín.
(1923-25)	Colonia Escolar Santiaguesa (Rianxo).			Colonias Escolares de Pontevedra en Ponte Caldeas.
(1925 -)				Colonias Escolares de Pontevedra en Ponte Caldeas.
(1927-28)				Colonias Escolares de Pontevedra (Forzáns, Ponte Caldeas).
(1927 -)	Colonias de Vacacións (Valdoviño).			Colonias Escolares de Vigo (O Rebullón, Tameiga-Mos).
(1928 -)	Colonias de Vacacións (Cedeira).			Colonias das Sociedades de Instrucción en A Estrada.
(1929 -)	Colonias de Vacacións (Piñeiro)			
(1929 -)				
(1930 -)				
(1932 -)		Colonias Escolares de Lugo (Santiago de Reinante).		

za da posibilidade de transferencia dos hábitos de hixiene acadados en poucos días; a preocupación por datos de tipo antropométrico (talla, peso, tensión muscular, circunferencia mamilar, etc.), dentro da corrente hixienista da época. A seguinte ficha, utilizada nunha Colonia Escolar de Vigo en 1919, é ilustrativa ó respecto:

COLONIAS ESCOLARES. MEDIDAS DE CLASIFICACIÓN

Nº	Nome e apel.	Idade	Talla			Circunf. torácica			Tensión muscular			Espirómetro			Peso		
			Ida m/m	Volta m/m	Dif. m/m	Ida m/m	Volta m/m	Dif. m/m	Ida Der	Volta Esq.	Dif. D E	Ida	Volta	Dif	Ida Kg.	Volta Kg.	Dif. Kg.

Ourense, debido a ser zona do interior e ás preferencias polos baños de mar, apenas contou con Colonias Escolares. Xunto con outras zonas de Galicia, e aínda doutras provincias españolas, beneficiouse do Sanatorio Marítimo Nacional de Oza dos Ríos. Na cidade das Burgas houbo propostas de enviar ós nenos ó Mosteiro de San Pedro de Rocas, en Nogueira de Ramuín, que non prosperaron (CID FERNANDEZ, 1987, pp. 522-23). Na provincia de A Coruña salientamos as celebradas en A Lagoa (Sada), a partir de 1902, que foron dirixidas no primeiro ano por José Gutiérrez del Arroyo, Ramón Tenreiro e Domingo Vaca. Contaron coa orientación directa de Giner de los Ríos e de Cossío, aproveitando a estancia destes na Quinta de San Victorio, en San Fiz de Vixoi (Bergondo). Ferrol, gracias ós esforzos do Inspector do Primeiro Ensino Luciano Seoane, veuse tamén favorecida.

En Lugo, o Inspector Manuel Lorenzo Gil emprendeu as primeiras actividades, que serían continuadas polo Patronato de Protección Escolar Lucense o polo tamén Inspector de Primeiro Ensino Luis Soto Menor. En Pontevedra, a pesar dos esforzos de Vincenti desde a Asociación Pedagóxica de Mestres no ano 1893, non se celebrou a primeira Colonia Escolar ata 1925, no edificio que os Fillos de Lalín en América tiñan construído para Hospital-Asilo no país do Deza. En Vigo, as primeiras xestións foron realizadas por Fernando García Arenal –personaxe moi vinculado á ILE– en colaboración con Fernando Conde e Ramón Gil, en 1904. Primeiro en O Carballiño e na Estrada, e logo no Rebullón (Tameiga-Mos), coa axuda da Caixa de Aforros de Vigo, desenrolaron o seu labor. Para unha análise de conxunto das Colonias Escolares, remitimos ó noso traballo sobre as relacións da ILE con Galicia (1986) e, máis recentemente, ó moi meritorio estudio de Antón COSTA RICO *Escolas e Mestres. A Educación en Galicia da Restauración á Segunda República* (1989). Tamén M^{ra} Carmen Pereira fixo ultimamente un estudio da obra socio-educativa realizada pola Caixa de Aforros de Vigo entre 1927 e 1983 sobre o particular (1991).

Coa chegada da Segunda República incrementouse o número de accións deste tipo. Colonias, cantinas e roupeiros traballaron en estreita relación. A ampla colaboración entre as Normais, a Inspección de Primeiro Ensino e o propio maxisterio favoreceron este proceso. Temos novas sobre a participación dalgúns profesores normalistas en cantinas e roupeiros escolares, entre eles, dona Ernestina Otero Sestelo, da Normal de Pontevedra. Dentro

INSTITUCIONES COMPLEMENTARIAS DO ENSINO PRIMARIO POR PROVINCIAS											
ANO 1932											
Nenos que disfrutan delas											
PROVINCIAS	CANTINAS				COLONIAS				ROUPEIROS		
				En total				Número de Colonos			
A Coruña	2	177	213	390	2	2	1	129	86	215	3
Lugo	2	50	50	100			1	50	30	80	1
Ourense	1	25	25	50							2
Pontevedra	1	50	56	106	2	2	1	285	252	537	2

FONTE: PRESIDENCIA DEL CONSEJO DE MINISTROS. DIRECCIÓN GENERAL DEL INSTITUTO GEOGRÁFICO CATASTRAL Y DE ESTADÍSTICA (1934); *Anuario Estadístico de España (1932-33)*, Año XVIII, Sucesores de Rivadeneyra, Madrid, p. 64.

da política educativa do goberno republicano hai que destaca-la incautación de bens da Compañía de Xesús en Oia, Camposancos e Bela Vista (este último en Vigo), para utilización dos edificios para Colonias eu ben lugar de repouso para mestres. A proposición de Fernando de los Ríos, Ministro de Instrucción Pública, foi acollida, en xeral, favorablemente polos axuntamentos e Consellos Locais de Ensinanza. Consérvanse 66 comunicacións doutros tantos concellos, aprobando o proxecto do Ministerio (A.H.U.S. Sección Instrucción Pública, Caixa 182). Finalmente, este proxecto non se levaría a cabo.

COLONIAS ESCOLARES DA UNIVERSIDADE DE SANTIAGO (1923-25)

Anque Santiago foi pioneira na realización de Colonias Escolares en Galicia, coa organización da mencionada Primeira Colonia Escolar Compostelana de 1893, inexplicablemente, ata 1923 –ó menos que nos teñamos noticia– non volveu a celebrarse outra Colonia. Esta vez foi o Rectorado da Universidade o encargado de organizalas. Contouse coa colaboración do Inspector Xefe de Ensino Primario de Lugo Manuel Lorenzo Gil, que tiña xa no seu haber unha longa experiencia, por dirixir dende 1912 as Colonias Escolares lucenses. Lorenzo Gil encargouse, pois, da supervisión da chamada “Colonia Escolar Santiaguesa”. Seguimos para o seu estudio os datos do Arquivo Histórico Universitario de Santiago (Sección Instrucción Pública, Caixa 214).

a) Ano 1923

O destino da Colonia foi Rianxo, ó igual que nos dous anos seguintes. Durou 28 días, dende o 5 de agosto ata o 1 de setembro. Ata o 12 de agosto estivo dirixida polo profesor Juan García Niebla; a partir desa data, fíxose cargo da mesma a profesora Carmen Santos Rodríguez.

Do Diario de Gastos de la Colonia, polo que teñen de interese, seleccionamos os seguintes datos:

<i>Gastos</i>	<i>Ptas. Cts.</i>
Instalación	115,25
Viaxe dos profesores dos nenos	52,75
28 días de estancia, cun promedio diario de 64,40 ptas	1.804,25
	1.972,25
<i>Outros gastos:</i>	
Ó farmacéutico Sr. Bermúdez, por medicinas para un neno	1,75
Á cocineira e dúas axudantes	120
A un home por baña-los nenos	24
A unha muller por baña-las nenas	23
Por alumado suministrado pola “Acetilena Rianjera”	16,50
Por un litro de aceite corrente	1,90
Por azafrán	0,15
Por un litro de viño	0,50
Por medio litro de aceite refinado	1,25
Por leite	4
Por carne	15
Por fabas	0,90
Por patacas	4,15
Por sal	0,10



Edificio das antigas escolas de Rianxo, no que, parece ser, estiveron ubicadas as Colonias Escolares (Xentileza de Antonio García Pérez, alumno de 3º de Humanas, da Escola de Maxisterio de Santiago).

Por pan	11
A Ignacio Peleteiro, por dúas olas pagadas a Francisco Romera.....	3,40
A José Martínez, por un carro de leña.....	15
Á lavandeira Francisca Rañó, por lavar, planchar e gardar tódalas roupas.....	15
Aluguer de 3 arcóns de madeira para garda-las roupas, colchóns, almohadas, etc.....	229,50
	<hr/> 382,30
Outros gastos varios	40,65
TOTAL	2.882,30

Ingresos

Universidade 3.000

Donativos:

a) en metálico:

Sobriña do Sr. Cura de Taragoña..... 25

b) en especies:

Sr. Cura Párroco de Rianxo, un cesto de froita.

Señores de Viturro, 1/4 de arroba de azucre, 1/4 de
arroba de arroz e un cesto de tomates.

Señora viúva de Dieste, dous roscóns.

En total, das 3.000 pesetas que D. Cesáreo Vázquez fixo entrega a Manuel Lorenzo Gil en nome da Universidade de Santiago, foron devoltas en metálico, como sobranse, 142,70 pesetas.

b) Ano 1924

A Colonia compúxose de 20 nenas e 20 nenos, cos seus respectivos Directores, Carmen Barros Pintos e Manuel Calvo Budiño, mestre este último de Santa Cruz de Rivadulla, a vulgar por un selo e lugar que figuran no Diario da Colonia Escolar. Extendeuse durante 22 días, dende o 10 ó 31 de agosto. Como mostra dos gastos dun día na Colonia, velaí o do 31 de agosto:

	<i>Ptas. Cts.</i>
Leite.....	4
Carne	12,25
Touciño.....	4
Viño	0,70
Cascarilla.....	0,50
Pan.....	9,45
Repolo	1,40
Fabas	0,80
Xamón.....	2,25
TOTAL	37,35 pesetas

Gastos

	<i>Ptas. Cts.</i>
Instalación	80,55
Para paga-la lancha desde Vilagarcía a Rianxo.....	15
22 día de estancia, cun promedio de 62,81 ptas.....	1.381,90
	<hr/> 1.477,45

Outros gastos especiais:

A Ramón Pedreira, por desarma-las camas e mesas da Colonia e gardalas	10
A Francisca Rañó, polo servicio de cociña, agua, limpeza, cociñar, lavar, planchar e recolle-las roupas das camas e limpar e garda-la louza ela e dúas serventes máis.....	118
A José Pérez González, por varias fotografías e placas	60
A Manuela Dieste, por baña-las nenas	15
A Ramón Dieste, por baña-los nenos.....	15
A Josefa Frieiro, por xabón para aclara-las camas.....	4
Por froitas, pan, cervexa e premio a Dieste por trae-lo baúl e cesto para a merenda dos nenos	16
A Luis Rodríguez, por trae-la Colonia na motora a Vilagarcía.....	25
	<hr/>
	278

Con posterioridade ó regreso da Colonia, o médico de Rianxo, Ramón Fernández, fixo os seguintes abonos:

A Francisco González, por pinta-las camas dos colonos	40
A Ramón Dieste, por traslado dos mobles ó local donde quedaron almacenados	12
Ó Administrador do automóbil “Bella Galicia”, o Inspector supervisor das Colonias abonou a nome do Rector e por conta das corenta pesetas donadas por este	25
	<hr/>
	77
	<hr/>
TOTAL	1.817,45

INGRESOS

Dotación inicial por parte da Universidade.....	2.000
Por orde do Rector, Luis Blanco Rivero, para paga-la lancha-motora que trouxo ós nenos desde Vilagarcía a Rianxo.....	15
	<hr/>
	2.015

Donativos:

a) en metálico:

D. Angel Baltar, para obsequiar ós nenos cunha merenda	80
Donación do Rector.....	40
Dona Arminda Ameijeiras, sobriña do Cura de Taragoña	15
	<hr/>
TOTAL	2.150 ptas

b) en especies:

Sra. viúva de Dieste, 1/2 arroba de arroz, 1/4 de arroba de fideos e un cestiño de pementos e fabas para os nenos da Colonia.
Sr. Cura Párroco de Rianxo, D. Benito Fariña, unha caixa de galletas.
Dona Arminda Ameijeiras, unha merenda de froitas e pastas.
Como sobrante, foron devoltas á Universidade 332,55 pesetas.

c) Ano 1925

Este ano a “Colonia Escolar Santiaguesa” compúxose de 20 nenas e unha mestra

directora, e de 20 nenos e un mestre director, Manuel Calvo Budiño, encargado tamén de leva-lo Libro de Contas. A Colonia durou 31 días, do 30 de xullo ó 29 de agosto.

<i>GASTOS</i>	<i>Ptas. Cts.</i>
31 días de estancia, cun promedio de 70,12 pesetas diarias.....	2.173,85
A Luis Rodríguez, por levar ós colonos dende Vilagarcía a Rianxo o 30 de xullo, data do comenzo da Colonia.....	15
A Ramón Dieste, por baña-los nenos	30
A Manuela Dieste, por baña-las nenas	30
A Ramón Pedreira, por armar e desarma-las camas e mesas	18
A Francisca Rañó e dúas mulleres máis por cocifiñar, auga e limpeza.....	132
A Luis Rodríguez, por conduci-la Colonia a Arousa en viaxe de excursión por mar	20
A José Pérez, por fotografías da Colonia e placas	75
A Ramón Pedreira, polo aluguer do local no que se gardaron os obxectos da Colonia dende o 1 de setembro de 1924 ó 1 de setembro de 1925	50
A Manuela Dieste, por lavar, planchar e gardar toda a roupa das camas e conducir e colocar camas e mesas no local arrendado	36
A Luis Rodríguez, por conduci-la Colonia por mar dende Rianxo a Vilagarcía, na mañá do 29 de agosto, día no que terminou a Colonia	15
TOTAL	2.594,85

INGRESOS

Rectorado, a través de D. Cesáreo Vázquez 2.500

Donativos:

a) en metálico:

Por encargo de Paulino Otero Vázquez, entregou Ramón Fernández, médico de Rianxo	250
Dona Arminda Ameijeiras, para unha merenda	10
Sras. de Seijas de Santiago, para gastos da Colonia.....	10
Dona Arminda Ameijeiras, para unha excursión en barco.....	15
Sr. Abade de Rianxo, para unha merenda	10

TOTAL 2.795

b) en especies:

Sres. de Baltar, dous cestos de patacas e un de mazás. O 28 de agosto deron unha suculenta merenda na súa horta.

D. José Benito Fariña, cura de Rianxo, 10 pesetas de galletas para os colonos. Dona Arminda Ameijeiras, unha merenda ós colonos na súa casa de Taragoña, na tarde do 12 de agosto.

Quedou un sobranche de 200,15 pesetas que foi entregado do novo á Universidade.

COLONIAS ESCOLARES DA UNIVERSIDADE DE SANTIAGO (1923-25)
CADRO-RESUME

	1923	1924	1925
Número de colonos	40	40	40
Número de mestres	1	2	2
Número de prazas	41	42	42
Número de días	28	22	31
INGRESOS	3.025	2.150	2.795
GASTOS:			
Total por praza (incluídos os mestres) ...	70,30	43,27	61,78
Total de praza/día	2,5	1,97	1,99
TOTAL	2.882,30	1.817,45	2.594,85
SOBRANTE	142,70	332,55	200,15

FONTE: Elaboración propia, a partir do *Diario de Gastos*

A modo de síntese

Como podemos apreciar, o saldo foi positivo nos tres anos. Fronte á sinxela colaboración de coñecidas familias rianxeiras, non queda constancia de que participara o Concello. Tampou achamos referencias sobre a vinculación de inquietos intelectuais rianxeiros de época: Manoel Antonio, desde Asados, non deixou ningunha testemuña na súa *Correspondencia*; nin Rogelio Pérez González (Roxerius), gran impulsor das Bibliotecas circulantes durante a IIª República, que no ano 1924 pasou como mestre da escola de Dimo á de Reza; nin Rafael Dieste, que colaborou tamén anos despois nas Misións Pedagóxicas. Castelao, xa consagrado, vivía por entón en Pontevedra.

Di ó final do *Diario* do ano 1925 que os estados fisiolóxicos demostraban os bos resultados obtidos. Que na *Memoria* ía explicada a orientación pedagóxica e o labor realizado. Para nós foi unha verdadeira mágoa non acha-la referida Memoria entre os Fondos Documentais. Unha análise comparativa con outras Colonias similares que tiveron lugar na Galicia daqueles tempos axúdanos a reconstruí-lo plan de vida seguido:

— Os nenos levantábanse as sete da mañá, limpaban as habitacións e, cando todo estaba arraxado, pasaban en seccións ó lugar destinado a lavarse. Xeralmente almorzábase ás oito (leite e pan). Á hora máis conveniente, na que a marea permitía introducirse no mar, tomaban un baño. Ás veces, saían a visita-la poboación. Os paseos tiñan sempre un obxectivo, que era ve-lo porto, visitar unha fábrica, ir ata algunha ponte, etc. Nunca se saía sen excita-la curiosidade dos nenos por observar algo novo.

— Sempre antes de comer tomaban apuntes no Diario. Era este un método de observación no que o rapaz reflexaba de forma plástica as múltiples percepcións que o contacto coa natureza lle brindaba, e sobre as que podía volver máis tarde. No *Diario da Colonia* hai un apunte do día 11 de agosto de 1924, no que entre os gastos dese día van incluídos cader-nos, plumas, papel, sobre e tinta para os colonos.

— A unha da tarde comíase, bastante abundante (sopa ou caldo, cocido e postre, a miúdo). Frecuentemente dormíase a sesta ou descansábase nalgunha sombra, falando, con-

tando contos ou mesmo confrontando o diario co dos compañeiros. Procurábase que os nenos estiveran entretidos constantemente en algo que lles fose dalgún xeito útil, deixándo-os con bastante liberdade nas súas accións, pero nunca que fosen executadas lonxe da observación dos guías. Tamén se programaban excursións nas que se ensinaba a apreciar o valor das manifestacións populares máis auténticas: cantos, contos, cerámica, artesanía etc.

— Polas tardes facíanse xogos, dábase un breve paseo pola praia e as oito ceábase, tamén bastante forte, se se compara cos hábitos alimenticios actuais (un prato de legumes, outro de carne e postre). Pouco despois, deitábanse.

Ó noso entender, este modelo de institución complementaria da escola primaria segue a ser válida hoxe en día. De feito, continúan organizándose Colonias de vacacións, anque programadas por institucións diversas. Por exemplo, o profesor X. M. Cid, do Colexio Universitario de Ourense (hoxe, da Universidade de Vigo), dirixiu entre 1979 e 1985 as Colonias Escolares da Deputación de Ourense, con destino en Panxón e A Lanzada; entre 1983 e 1987 as do Concello da mesma cidade, en Gandarío e San Miguel de Reinante, en locais da Xunta de Galicia, e nos colexios de O Pombal (Portonovo) e Darbo (Cangas do Morrazo). O seu labor é continuado por algúns que foron seus alumnos, como Alicia Vidaurre, pedagoga. Normalmente, as Colonias Escolares veñen ocupando, ano tras ano, os lugares máis comúns de sempre. Sen pretendérmo-la exahustividade, hai tamén que destaca-la laboura de Benito Losada, coas Colonias no Porto do Son, e de Lois Ferradás, no Concello de Santiago, con saídas a Aguiño, Boiro, etc. Non se nos oculta que, quizais debido á profesionalización do maxisterio, haxa máis problemas de organización. Sen embargo, cunha axeitada incentivación do profesorado, poden superarse moito escollos.

FONDOS DOCUMENTAIS CONSULTADOS

ARQUIVO HISTORICO DA UNIVERSIDADE DE SANTIAGO (A.H.U.S.): Sección Instrucción Pública, Caixas 182 e 214.

PRESIDENCIA DEL CONSEJO DE MINISTROS. DIRECCION GENERAL DEL INSTITUTO OCEANOGRAFICO, CATASTRAL Y DE ESTADISTICA (1934): *Anuario Estadístico de España (1932-33)*. Ano XVIII, Rivadeneyra, Madrd.

BIBLIOGRAFIA

BOROBÓ: "Los fusiles de madera", *La Voz de Galicia*, 8/2/1987.

CID FERNANDEZ, X.M. (1987): *Educación y Sociedad en Ourense durante la Segunda República (1931-1936)*. Facultade de Filosofía e Ciencias da Educación, Santiago (Tese Doutoral).

COSTA RICO, A. (1989): *Escuela e Mestres. A Educación en Galicia da Restauración á Segunda República*. Consellería da Presidencia e Administración Pública, Xunta de Galicia, Santiago.

ESPADA, G.J. de la (1918): "Las Colonias de Vacaciones de C.A.", *Boletín de la Institución Libre de Enseñanza (B.I.L.E.)*, XLII.

MANOEL-ANTONIO (1979): *Correspondencia*. Galaxia, Vigo.

- MARTINEZ NAVARRO, A. (1983): "Anotaciones a la Historia de la Educación Física Española en el siglo XIX", *Historia de la Educación* (Revista Interuniversitaria), 2, pp. 153-164.
- PEREIRA DOMÍNGUEZ, M.C. (1991): *La obra socio-educativa realizada por la Caja de Ahorros Municipal de Vigo a través de las colonias escolares*. Galicia Editorial, Vigo.
- PORTO UCHA, A.S. (1986): *La Institución Libre de Enseñanza en Galicia*. Edición do Castro, Sada-A Coruña.
- SOCIEDAD ECONOMICA DE AMIGOS DEL PAIS DE SANTIAGO (1894): *La Primera Colonia Escolar Compostelana*. Imprenta de J.M. Paredes, Santiago.